

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

409 *ORDE PRE/4000/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen medidas de control da produción de azucre e se regula a xestión da produción de azucre destinada a uso industrial. («BOE» 10, do 11-1-2008.)*

O Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector do azucre, modificou substancialmente a organización deste sector, ao ter que deixar de aplicar principios, en consonancia co realizado noutras organizacións comúns de mercado, establecendo un novo réxime de cotas de produción.

O Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, no referente á xestión do mercado interior do azucre e ao réxime de cotas, e o Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, no que se refire á produción obtida á marxe de cotas no sector do azucre, establecen ao longo do seu articulado unha serie de disposicións que, en parte, xa foron obxecto de consideración na Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 28 de febreiro de 1990, pola que se establecen as medidas de control da produción e do almacenamento de azucre, e na Orde PRE/1216/2005, do 29 de abril, pola que se regula a xestión de determinada produción de azucre exenta do pagamento da cotización á produción. Aínda así, considérase necesario establecer novas disposicións que substitúan as anteriores ordes e que recollan dunha maneira máis precisa a lexislación comunitaria.

No ámbito interno, o Real decreto 214/1987, do 16 de xaneiro, polo que se establecen medidas para a liquidación, recadación e control da cotización sobre a produción do azucre e isoglicosa e a cotización para a compensación dos gastos de almacenamento no sector do azucre, atribúe aos ministerios de Economía e Facenda, de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Industria e Enerxía, hoxe en día de Industria, Turismo e Comercio, o establecemento dos libros, rexistros e demais obrigas formais que deban cubrir as empresas azucreiras e de isoglicosa.

Ao respecto, constitúe o obxecto desta orde definir as medidas de control da produción de azucre e regular a xestión da produción de azucre destinada a uso industrial por empresas transformadoras, mediante a delimitación dos tipos de libros de rexistro e demais obrigas formais das empresas fabricantes e transformadoras, as comunicacións que deberán efectuar, así como os modelos de autorización e de declaración de subministración.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Industria, Turismo e Comercio, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. De acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, no referente á xestión do mercado interior do azucre e ao réxime de cotas, as disposicións desta orde son de aplicación ás empresas fabricantes de azucre e de isoglicosa, así como ás empresas que transformen azucre e isoglicosa nalgún dos produtos que se enumeran no anexo do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que

se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, no que se refire á produción obtida á marxe de cotas no sector do azucre.

2. De conformidade co sinalado no Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, para os efectos desta orde enténdese por «produción de azucre» a cantidade total, expresada en azucre branco, de: a) azucre branco; b) azucre en bruto; c) azucre invertido ou d) xaropes pertencentes a unha das categorías seguintes: i) xaropes de sacarosa ou de azucre invertido cunha pureza mínima do 70% producidos a partir de remolacha de azucre, ii) xaropes de sacarosa ou de azucre invertido cunha pureza mínima do 75% producidos a partir de cana de azucre. Así mesmo, enténdese por «produción de isoglicosa» a cantidade de produto obtida a partir de glicosa ou dos seus polímeros cun contido de frutosa en peso en estado seco de, polo menos, o 10%, sexa cal sexa o seu contido de frutosa por riba do devandito límite.

Por outra parte, enténdese por «azucre ou isoglicosa industrial» calquera cantidade de azucre ou de isoglicosa producida con cargo a unha campaña de comercialización dada, que exceda a cantidade de azucre de cota producida na devandita campaña e que estea destinada á fabricación industrial dalgún dos produtos a que se refire o artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector do azucre, e que se enumeran no anexo do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Artigo 2. *Autorización para a produción de azucre e isoglicosa.*

1. Solicitude de autorización das empresas fabricantes.

As empresas fabricantes de azucre ou de isoglicosa deberán presentar, por cada unha das súas fábricas e ante os servizos de Alfándegas da delegación correspondente da Axencia Estatal de Administración Tributaria do lugar onde esta estea establecida, unha solicitude de autorización, conforme o modelo que figura no anexo I, na que consten os seguintes datos:

- Nome e apelidos, domicilio e número do documento nacional de identidade do solicitante, acompañado da documentación que acredite o carácter da representación, no caso de que non actúe en nome propio.
- Razón social, domicilio fiscal e número de identificación fiscal da empresa.
- Denominación da fábrica, localidade, lugar en que está situada e capacidade de produción.

Á devandita solicitude xuntaráse:

1.º Un documento por escrito no que a empresa fabricante se comprometa a cumprir as condicións establecidas no punto 2 seguinte.

2.º Os planos e descrición das instalacións, laboratorios de análises, aparellos de control e instrumentos de pesada verificados e/ou calibrados por unha entidade acreditada.

3.º Unha memoria descritiva do proceso de fabricación e de elaboración de cada un dos produtos que se obteñen ou se ten a intención de obter.

4.º Unha relación de almacéns e depósitos existentes tanto no interior da fábrica como fóra dela, con indicación, neste caso, da súa localización, destinados ao almacenamento de azucre, xaropes e melazas. No caso dos depósitos, indícarase o seu número e capacidade.

2. Concesión da autorización e compromisos das empresas fabricantes.

Unha vez comprobados os requisitos exixidos, os servizos de Alfándegas concederánlles a autorización ás empresas que a solicitasen, conforme o modelo que figura no anexo II.

Para estes efectos, a empresa fabricante de azucre ou de isoglicosa comprometerase a:

a) Presentar, de acordo cos requisitos e condicións establecidos na Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 27 de decembro de 2007, pola que se regula a xestión e control das cotas de produción de azucre, as declaracións de producións de azucre e isoglicosa de cada campaña de comercialización e ingresar os importes correspondentes que se lle liquidasen.

b) Permitir a entrada nas súas fábricas, almacéns ou depósitos aos servizos de Alfándegas competentes e pór á súa disposición o persoal e material necesarios, para efectos do recuento e comprobación de existencias e dos controis administrativos e físicos oportunos.

c) Manter, á disposición dos devanditos servizos, os libros establecidos nesta orde.

d) Comunicar aos servizos de Alfándegas calquera información de interese que afecte a xestión ou o control do azucre ou da isoglicosa ou calquera modificación dos datos mencionados no punto 1 anterior.

e) No caso dos fabricantes de azucre, dar conta, cunha semana de antelación, por fax ou calquera outro medio telemático, aos servizos de Alfándegas das datas de comezo das operacións de fabricación (moedura), a súa duración aproximada, así como a terminación destas.

f) No caso dos fabricantes de azucre, proceder ao baleirado dos silos de almacenamento de azucre que reciban directamente de produción, como mínimo unha vez cada dous anos, a non ser que se trate dos silos que conteñan azucre de intervención ou sexan centros de envasado.

3. Comunicacóns.

As empresas fabricantes de azucre ou de isoglicosa deberán comunicar aos servizos de Alfándegas correspondentes, cada vez que se formalice un contrato de subministración a empresas transformadoras autorizadas dentro da campaña de comercialización de que se trate, as cantidades que se vaian subministrar de acordo co devandito contrato, sempre que teña lugar non máis tarde do 30 de novembro da campaña de comercialización seguinte. A devandita comunicación efectuarase segundo o modelo que figura no anexo V, acompañada dunha copia deste, no que se farán constar as mencións a que se refire o artigo 6.2 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Así mesmo, as empresas fabricantes de azucre ou de isoglicosa, sobre a base dos albarás a que se refire o artigo 7.2 desta orde, comunicaranlles aos servizos de Alfándegas correspondentes, dentro da primeira quincena de cada mes, as cantidades de azucre ou de isoglicosa industrial entregadas o mes anterior por cada un dos contratos de subministración con empresas transformadoras autorizadas, segundo o modelo que figura no anexo VI.

Estas comunicacións poderanse realizar a través de medios telemáticos.

Artigo 3. *Libros das empresas fabricantes.*

As empresas fabricantes de azucre e de isoglicosa deberán levar, por cada fábrica, os libros que se indican a seguir.

- a) Libro de primeiras materias.
- b) Libro de produtos acabados ou semiacabados recibidos.
- c) Libro de produtos acabados e subprodutos obtidos.
- d) Libro de perdas.
- e) Libro de cantidades destruídas.

- f) Libro de produtos expedidos.
- g) Outros libros.

Artigo 4. *Libro de primeiras materias.*

a) No cargo deste libro asentaranse diariamente, desde o principio ata o final das operacións de moedura, as cantidades líquidas en quilogramos de remolacha ou de cana de azucre entradas na fábrica, con indicación da polarización media. Estes asentos xustificaranse cos correspondentes partes de recepción.

As cantidades líquidas de remolacha e a polarización media determinaranse aplicando o establecido na Orde do Ministerio de Agricultura do 28 de outubro de 1979 pola que se aproban as condicións xerais de contratación de remolacha e cana azucreiras, na Orde de Presidencia do Goberno do 10 de outubro de 1980 pola que se aproba o Regulamento de recepción e análise de remolacha azucreira e, de ser o caso, nos acordos interprofesionais vixentes.

b) Os asentos de cargo correspondentes á remolacha ou cana de azucre procedentes de fábricas doutras empresas xustificaranse mediante factura ou albará da empresa expedidora.

c) Os asentos correspondentes a remolacha ou cana de azucre procedentes doutras fábricas da propia empresa xustificaranse mediante albará da fábrica expedidora.

d) Na data do libro asentaranse diariamente as cantidades de remolacha ou de cana de azucre que pasan ao proceso de fabricación da propia fábrica e as cantidades brutas que saian desta para seren transformadas noutras fábricas da empresa ou doutras empresas, ou para outros destinos, e realizaranse asentos independentes por cada un deles.

Cando a remolacha se reciba na fábrica en condicións físicas distintas ás enunciadas no anexo, punto 4.1, da Orde do Ministerio de Agricultura do 28 de outubro de 1979 as cantidades líquidas de remolacha que entren no proceso de fabricación determinaranse tomando en consideración a remolacha bruta que sae dos silos, menos as cantidades totais de terra, pedras, follas, rabos e outras impurezas que se separan da remolacha no proceso de lavado. A polarización media destas cantidades determinarase analizando as cosetas antes da súa entrada nos difusores. Realizaranse análises das cosetas cunha frecuencia horaria suficiente para obter a polarización media. Todos estes datos constarán nun parte de laboratorio ou fabricación que recolla o balance das operacións realizadas. No suposto de que a sacarosa determinada por este procedemento difira da sacarosa estimada de acordo co disposto na alínea a) anterior, realizaranse os axustes necesarios con ocasión do peche mensual, así como ao finalizar as operacións de moedura. Os axustes deberán selles comunicar aos servizos de Alfándegas de cada fábrica.

e) Os asentos de data correspondentes a saídas con destinos distintos ao do seu procesamento na fábrica xustificaranse mediante unha copia da factura ou do albará correspondente.

f) Este libro pecharase o último día de cada mes, así como ao finalizar as operacións de moedura da campaña, e realizarase un resumo coa seguinte desagregación:

1.º cantidades entregadas en fábrica directamente polo cultivador ou polo seu transportista-mandatario,

2.º cantidades recibidas en fábricas procedentes de centros de contratación, recepción e análise de remolacha (CORAN), e

3.º cantidades recibidas en fábrica que previamente tiveron entrada noutras, indicando o nome destas e o da empresa titular desas instalacións.

Ao finalizar a campaña de moedura, anotaranse, desagregándose do resumo citado, as cantidades de remo-

lacha ou cana de azucre transformadas pola fábrica no marco dun contrato de elaboración entre a súa empresa e a empresa azucreira comitente, con indicación do nome desta.

g) No caso de que se utilicen as melazas como primeiras materias, levarase un libro de rexistro no que se reflectirá o movemento destes produtos, especificando, en particular, se proceden de territorio comunitario ou de países terceiros.

h) Ao finalizar a campaña de comercialización, regularizanse as cantidades que figuran no cargo e na data.

Artigo 5. *Libro de produtos acabados ou semiacabados recibidos.*

Neste libro, o fabricante de azucre ou de isoglicosa anotará os produtos acabados ou semiacabados que se reciban diariamente doutras empresas fabricantes ou procedentes dos seus almacéns situados fóra das fábricas ou pertencentes a outras empresas fabricantes.

Artigo 6. *Libro de produtos acabados e subprodutos obtidos.*

a) Este libro, que constará de dúas partes, terá como finalidade contabilizar tanto as cantidades de azucre que deben considerarse «producción de azucre» como as que non o son, segundo o disposto no artigo 3.1 e 3.2 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Na primeira parte do libro asentaranse diariamente as cantidades producidas de azucre branco, azucre en bruto, azucre invertido e xaropes, tanto se se obteñen da remolacha ou cana recibidas durante a campaña de moedura como se se producen a partir do reprocesamento das melazas, xaropes ou azucres que se indican na segunda parte do libro. Anotarase a produción diaria e a acumulada desde o comezo da campaña.

Na segunda parte do libro asentaranse diariamente as seguintes cantidades:

1.º as cantidades de azucre branco producidas a partir de azucre en bruto ou de xaropes que non se producen na empresa que fabrique o devandito azucre,

2.º as cantidades de azucre branco producidas a partir de azucre en bruto, de xaropes ou de varreduras de azucre que non se producen durante a mesma campaña de comercialización en que se fabricase o azucre branco,

3.º as cantidades de azucre en bruto producidas a partir de xaropes que non se producen na empresa que fabrique o devandito azucre en bruto,

4.º as cantidades de azucre en bruto producidas a partir de xaropes que non se producen na mesma campaña de comercialización en que se fabricase o devandito azucre en bruto,

5.º as cantidades de azucre en bruto que se transformasen en azucre branco na campaña de comercialización de que se trate na empresa que as produciuse,

6.º as cantidades de xaropes que se transformasen en azucre ou en azucre invertido na campaña de comercialización de que se trate na empresa que as produciuse,

7.º as cantidades de azucre, azucre invertido e xaropes en réxime de tráfico de perfeccionamento,

8.º as cantidades de azucre invertido producidas a partir de xaropes que non se producen na empresa que fabrique o devandito azucre invertido, e

9.º as cantidades de azucre invertido producidas a partir de xaropes que non se producen na mesma campaña de comercialización en que se fabricase o devandito azucre invertido.

En ambos os casos, todas as anotacións se expresarán en azucre branco do modo seguinte:

1) no caso do azucre branco, sen ter en conta as diferenzas de calidade.

2) no caso de azucre en bruto, en función da súa rendibilidade, que se determinará de acordo co disposto no anexo I, punto III, do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

3) no caso do azucre invertido, aplicando á produción deste o coeficiente 1.

4) no caso dos xaropes que deban considerarse produtos intermedios, en función do seu contido en azucre extraíble. O contido de azucre extraíble calcularase restando do grao de polarización do xarope de que se trate o produto obtido ao multiplicar o coeficiente 1'70 pola diferenza entre o contido de materia seca e o grao de polarización do devandito xarope. Non obstante, o contido de azucre extraíble poderá ser determinado, para a totalidade dunha campaña, polo rendemento real dos xaropes.

5) no caso dos xaropes que non deban considerarse produtos intermedios, en función do seu contido de azucre, expresado en sacarosa de acordo co disposto no artigo 3.2 do Regulamento (CE) n.º 951/2006 da Comisión, do 30 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello no que respecta aos intercambios comerciais con países terceiros no sector do azucre.

A pureza dos xaropes calcularase dividindo o contido de azucres totais polo contido de materia seca, que se determinará, pola súa vez, de acordo co método areométrico ou refractométrico.

As varreduras de azucre procedentes dunha campaña de comercialización anterior expresaranse en azucre branco en función do seu contido en sacarosa.

Practicaranse os axustes que sexan necesarios para conciliar as cantidades realmente obtidas e as calculadas de acordo co disposto no artigo 3.3, 3.4 e 3.5 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

A produción diaria de azucre será o resultado de deducir da produción acumulada da primeira parte do libro a cantidade acumulada anotada na segunda parte do libro.

Cando a complexidade das operacións de fabricación o requira, as empresas fabricantes poderán realizar neste libro as adaptacións que sexan necesarias, de acordo cos servizos de Alfándegas correspondentes. En todo caso, respectarase a distribución e a orde das partes do libro para determinar a «produción de azucre» da fábrica.

b) Non serán obxecto de rexistro neste libro os produtos intermedios que se encontren nos circuitos de fabricación do azucre, obtidos durante as distintas fases do proceso de fabricación e que, por formar parte deste, se someten inmediatamente ao seu procesamento. No caso de paradas prolongadas por avaría ou por outras causas, estes produtos deberanse anotar na primeira parte do libro e no de almacén.

c) Os asentos xustificaranse cos partes diarios de fabricación asinados polo director da fábrica, os cales se conservarán debidamente arquivados á disposición dos servizos de Alfándegas correspondentes. Non obstante, os azucres terzados e xaropes que se pasen de almacén a fábrica xustificaranse, ademais, mediante os correspondentes asentos de baixa no libro de produtos expedidos da fábrica.

d) Todos os produtos obtidos, coa excepción indicada na letra b) anterior, darán lugar ao correspondente cargo no libro de produtos expedidos da fábrica. Non obstante, as cantidades de azucre, azucre invertido e xaropes producidos en réxime de perfeccionamento activo cargaránse directamente no libro de almacén aberto para o efecto.

e) O presente libro pecharase ao finalizar cada campaña de moedura, e abrirase unha nova conta para a cam-

pañña seguinte, salvo naquelas zonas en que, por razóns climáticas, as operacións de moedura de remolacha se anticipen ao inicio ao 1 de outubro de cada ano. Neste caso, a apertura da nova conta adiantarase á data do comezo destas operacións.

f) Cando se trate de cantidades de azucre producidas no marco dun contrato de traballo por unha empresa fabricante de azucre, denominada «transformador», por conta doutra empresa fabricante de azucre, denominada «comitente», para a aplicación contable destas cantidades de azucre á empresa comitente procederáse conforme o establecido nos parágrafos seguintes deste número.

A solicitude a que se refire o artigo 6.3 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, relativa a traballos realizados no marco dun contrato de traballo de azucre, deberá ser presentado polo transformador e polo comitente ante o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o cal, á vista da documentación achegada por ambos, resolverá en consecuencia e adoptará as medidas necesarias para comprobar que se cumpren as condicións exixidas no citado artigo 6.3.

Se a fábrica do comitente ou a do transformador se encontra noutro Estado membro, a solicitude mencionada no parágrafo anterior deberase presentar, ademais, ante o organismo competente do citado Estado membro. O Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, en cumprimento do disposto no artigo 6.4 do citado Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, porase de acordo co organismo competente do outro Estado membro sobre a resposta que se vaia dar.

No caso de forza maior previsto no artigo 6.5 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, que impida a unha empresa comitente a transformación de materia prima en azucre, será preciso que a devandita situación de forza maior fose recoñecida como tal polos servizos de Alfándegas correspondentes, para efectos de considerar como produción da devandita empresa comitente o azucre producido por un transformador.

Artigo 7. *Libro de perdas.*

Este libro ten por finalidade determinar a sacarosa que durante o proceso de fabricación non se transforma en produtos acabados, coprodutos ou subprodutos.

No cargo anotarase a sacarosa que entra no proceso de fabricación. A sacarosa correspondente á remolacha moída coincidirá coa contabilizada na data do libro de primeiras materias. No suposto de que se refundan azucres ou se procesen xaropes doutra procedencia, tamén se contabilizará a sacarosa que conteñan estes produtos, segundo resulte do parte de fabricación.

Na data anotarase a sacarosa que se transformou en produtos azucre, melazas e xaropes, así como as perdas na obtención de polpa e espumas de carbonatación. Os asentos realizaranse do seguinte modo: se se trata de azucre, multiplicarase por 0'998 e, se se trata de melazas, xaropes, polpa e espumas de carbonatación, multiplicarase os quilogramos pola polarización media. Os asentos xustificaranse mediante un documento que conteña o balance das operacións de sacarosa, segundo o modelo que se presente na oficina de control de cada fábrica.

A diferenza entre o cargo e a data serán as perdas indeterminadas do proceso.

O libro pecharase mensualmente e cando finalicen as operacións de moedura. Os axustes que teñan que realizarse neste libro comunicaranse aos servizos de Alfándegas, xustificando as causas que os motiven.

Artigo 8. *Libro de cantidades destruídas.*

Anotaranse as cantidades de azucre e de isoglicosa que se destrúen ou se deteriorasen, sen posibilidade de recuperación, en circunstancias recoñecidas polos servizos de Alfándegas correspondentes, e faranse constar igualmente os motivos da devandita destrución. As ditas cantidades non están suxeitas ao pagamento do importe polo excedente producido segundo se establece no artigo 4.1.e) do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Artigo 9. *Libro de produtos expedidos.*

As empresas fabricantes de azucre e de isoglicosa levarán un libro de produtos expedidos, no cal se rexistrarán os produtos obtidos nelas que se envían ao exterior.

No cargo anotarase, separada e diariamente, por clase de produtos, as producións diarias da fábrica, excluídas as obtidas en réxime de perfeccionamento activo, e as cantidades recibidas do exterior, excepto as cantidades de azucre importadas de países terceiros, separando, pola súa vez, as procedentes de fábricas ou de almacéns autorizados da empresa das compradas a outras empresas fabricantes nacionais ou establecidas noutros Estados membros.

As entradas directas en almacén desde fóra da fábrica xustificaranse mediante factura ou albará expedidos polo establecemento remitente.

Na data do libro asentaranse diariamente e por clases de produtos as cantidades saídas de almacén, separando, dentro de cada clase, os diferentes destinos.

Cando se realicen transferencias dos dereitos de propiedade sobre o azucre sen que esta saia do almacén autorizado do fabricante, as cantidades afectadas dataranse neste libro e cargaranse na conta do libro aberto para o efecto.

No caso de que parte da produción da fábrica pase a ser produción doutra empresa comitente, por ser autorizada, as cantidades consideradas daranse de baixa neste libro e no de cantidades de produtos acabados e subprodutos obtidos e cargaranse na correspondente conta do libro rexistro de azucre habilitado para o efecto para esta operación.

O fabricante de azucre ou de isoglicosa anotará as saídas dos devanditos produtos que, procedentes das súas fábricas ou almacéns, vaian destinados a outras azucreras ou almacéns fóra de fábrica. O devandito movemento deberá xustificarse por medio de certificacións de chegada expedidas pola propia empresa e visadas polos servizos de Alfándegas en destino. As saídas con destino á exportación deberanse xustificar coa certificación expedida pola alfándega de saída (DUA de exportación).

Ao finalizar cada mes realizarase un peche do libro, no que se detallará o seguinte:

- 1) sumarase as saídas de almacén por cada un dos diferentes destinos e por clases de produtos, totalizando as saídas habidas no mes,
- 2) anotarase as existencias no momento do peche do mes anterior, segundo as orixes que se consideren no cargo,
- 3) resumiranse as entradas no mes, co mesmo detalle, que, sumadas ás existencias anteriores, constituíran o total cargo, e
- 4) deste total cargo restaranse as saídas no mes, desagregadas polos mesmos conceptos considerados no cargo, e a diferenza constituirá as existencias para o mes seguinte.

As diferenzas entre as existencias físicas e contables que se poñan de manifesto con ocasión de recontos, axustaranse no cargo ou data segundo proceda. Os axustes que resulten necesarios como consecuencia de recon-

tos non oficiais comunicaráselles aos servizos de Alfándegas con carácter previo.

O inicio das operacións finais de baleirado de silos comunicaráselles aos servizos de Alfándegas. Se for necesario realizar algún axuste de existencias, anotarase no momento da finalización desas operacións.

Os axustes por reconto imputaranse á campaña que estea en curso, cando se comproben.

Artigo 10. *Outros libros.*

Caso de que por distintas circunstancias e situacións relativas ao control de existencias de azucre, tales como contrato de traballo, azucre producido pola fábrica por conta doutras empresas, azucre fabricado en réxime de perfeccionamento activo, azucre importado de países terceiros para a revenda, azucre vendido ao organismo de intervención, azucre cuxos dereitos de propiedade foron transferidos sen que o azucre saia do almacén autorizado do fabricante, etc., for oportuno levar outros libros de rexistro, poderán ser abertos pola empresa fabricante, logo do acordo e habilitación destes polos servizos de Alfándegas correspondentes.

Artigo 11. *Controis contables das empresas fabricantes.*

1. Os libros rexistro sinalados no artigo 3 anterior deberán estar foliados e serán habilitados polos servizos de Alfándegas correspondentes ao establecemento.

2. Con carácter auxiliar dos libros exixidos, poderase levar un control por fichas, sempre que o resumo destas reverta ao libro principal dentro do prazo establecido no punto 4 seguinte.

3. Non obstante o disposto no punto 1 anterior, os libros rexistro poderanse levar mediante sistemas informáticos, sempre que permitan o seu acceso, para efectos de comprobación, aos servizos de Alfándegas. As follas correspondentes a cada trimestre, unha vez encadernadas, deberán ser foliadas e habilitadas polos servizos de Alfándegas aos que deben presentarse dentro do mes seguinte á finalización do trimestre.

4. Os asentos contables deberanse facer dentro das vinte e catro horas seguintes, sen contar os días festivos, á de se producir a operación que se contabilice. Cando a actividade se realice de forma continuada, a toma de datos para as anotacións contables referirase a períodos de vinte e catro horas, de maneira que se admita que o inicio de cada período coincida cun cambio de quenda de traballo. A falta de asentos nun día determinado, cando os houbese en días posteriores, entenderase como falta de movemento nesa data.

5. Os pechos dos libros efectuaranse con referencia ao último día de cada mes, salvo que expresamente se dispuxese outra data.

6. Todas as cantidades de produtos que se anoten nos libros se consignarán polo seu peso efectivo e polo seu equivalente en azucre branco en toneladas métricas con dous decimais.

7. Mensualmente, os servizos de Alfándegas comprobarán a produción de azucre, así como os movementos de azucre que se producen entre as distintas azucreiras e os distintos almacéns de azucre de fóra de fábrica habilitados ao respecto, e serán visados os mencionados movementos, así como as saídas ou vendas de azucre.

8. Tanto os libros e ficheiros como as listaxes que, de ser o caso, os substitúan deberán encontrarse permanentemente no establecemento a que se refiren, mesmo no suposto de que o domicilio fiscal da empresa estea en lugar distinto ao do devandito establecemento. Igualmente, deberán estar en cada establecemento os xustificantes dos distintos asentos ou copia destes. A devandita

documentación deberase conservar no establecemento durante tres anos a partir do ano de que se trate.

Artigo 12. *Autorización para a utilización de azucre ou isoglicosa industrial por empresas transformadoras.*

1. Solicitude de autorización das empresas transformadoras.

As empresas que utilicen azucre ou isoglicosa industrial para a súa transformación nalgún dos produtos a que se refire o anexo do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, deberán presentar, por cada unha das súas fábricas e ante os servizos de Alfándegas do lugar onde estean establecidas, unha solicitude de autorización conforme o modelo que figura no anexo III desta orde, na que constarán os seguintes datos:

a) Nome e apelidos, domicilio e número do documento nacional de identidade do solicitante, acompañado da documentación que acredite o carácter da representación, no caso de que non actúe en nome propio.

b) Razón social, domicilio fiscal e número de identificación fiscal da empresa.

c) Denominación da fábrica, localidade e lugar en que está situada.

Á devandita solicitude xuntaráse:

1.º Un documento por escrito no que a empresa transformadora se comprometa a cumprir as condicións establecidas no punto 2 seguinte.

2.º A documentación técnica e a descrición do proceso industrial de transformación do azucre ou da isoglicosa industrial nalgún dos produtos sinalados anteriormente, na que consten os coeficientes técnicos da devandita transformación.

3.º As certificacións relativas ás instalacións ou partes específicas destas, así como de calibración dos instrumentos de medida e de control, expedidas polas autoridades competentes.

4.º Unha memoria da capacidade de produción da empresa.

2. Concesión da autorización e compromisos das empresas transformadoras.

Unha vez comprobados os requisitos exixidos, os servizos de Alfándegas concederán a autorización ás empresas que a soliciten, conforme o modelo que figura no anexo IV.

Para estes efectos, a empresa transformadora comprometerase por escrito a:

a) Levar os libros que se especifican no artigo 6 desta orde.

b) Presentar, por instancia dos servizos de Alfándegas, toda información ou elemento xustificativo para a xestión e o control da orixe e da utilización das materias primas.

c) Permitirlles aos servizos citados anteriormente efectuar os controis administrativos e físicos adecuados.

3. Comunicacións.

As empresas transformadoras, antes de finalizar o quinto mes seguinte a cada entrega de azucre ou de isoglicosa industrial, presentaranlles aos servizos de Alfándegas correspondentes unha proba da utilización das devanditas materias primas industriais para a fabricación dos produtos de conformidade coa autorización concedida e o contrato de subministración efectuado. Esta proba incluírá a anotación nos rexistros das cantidades de produtos de que se trate.

Artigo 13. *Libros das empresas transformadoras.*

As empresas transformadoras deberán levar, por cada fábrica, os libros que se indican a continuación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as empresas que utilicen azucre invertido e/ou xaropes para a súa transformación en alcohol ou en ron rexeranse polo disposto no Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais, ao estaren sometidas as actividades das devanditas empresas á Intervención dos Impostos Especiais de Fabricación.

1. Libro de primeiras materias.–No seu cargo asentaranse diariamente as cantidades de azucre ou de isoglicosa industrial entradas na fábrica, que se adquiriron para a súa transformación, e deberán cubrirse as seguintes columnas: data, número de identificación fiscal da empresa fabricante remitente, nome ou razón social, cantidade do produto recibido e peso neto. Estes asentos xustificaranse co parte de recepción.

Na data do libro asentaranse diariamente as cantidades de azucre ou de isoglicosa industrial que pasan ao proceso de fabricación.

2. Libro de fabricación.–Neste libro serán anotadas diariamente pola empresa transformadora as cantidades de materias primas transformadas, así como as cantidades e tipos de produtos acabados, coprodutos e subprodutos obtidos a partir delas.

3. Libro de perdas.–Neste libro indicaranse as perdas rexistradas durante o proceso de transformación.

4. Libro de cantidades destruídas.–Neste libro anotaranse as cantidades de produtos transformados que fosen destruídas ou deterioradas, sen posibilidade de recuperación, en circunstancias recoñecidas polos servizos de Alfándegas, e faranse constar igualmente os motivos da devandita destrución.

5. Libro de cantidades vendidas ou cedidas.–Neste libro anotarase as cantidades, con descrición dos tipos de produtos, vendidas ou cedidas polo transformador.

Os tipos de produtos vendidos faranse constar segundo a denominación que figura no anexo do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, e debidamente xustificadas polo correspondente albará. No caso de cesión indicárase o motivo desta e as circunstancias que a motivaron. As devanditas circunstancias deben ser admitidas polos servizos de Alfándegas correspondentes.

6. Outros libros.–No caso de que, por distintas circunstancias e situacións relativas ao control da produción, for oportuno levar outros libros de rexistro, poderán ser abertos pola empresa transformadora, tras o acordo e habilitación destes polos servizos de Alfándegas correspondentes.

Artigo 14. *Controis contables e albarás de entrega das empresas transformadoras.*

1. Controis contables.

a) Os libros rexistro deberán estar foliados e serán habilitados polos servizos de Alfándegas correspondentes ao establecemento.

b) Os libros rexistro poderanse levar mediante sistemas informáticos, sempre que permitan o seu acceso, para efectos de comprobación, aos servizos de Alfándegas.

c) Tanto os libros e ficheiros como as listaxes que, de ser o caso, os substitúan se deberán encontrar permanentemente no establecemento a que se refiren, aínda no suposto de que o domicilio fiscal da empresa estea en lugar distinto ao do devandito establecemento.

Igualmente, deberán estar en cada establecemento os xustificantes dos distintos asentos ou copia destes. A devandita documentación deberase conservar no establecemento durante tres anos a partir do ano de que se trate.

2. Albarás de entrega.–Por cada entrega, a empresa transformadora remitirá á empresa fabricante un albará de materias primas industriais, en virtude do contrato de subministración previsto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, que acredite as cantidades subministradas.

Para estes efectos, deberase ter en conta que, desde o inicio de cada campaña de comercialización e ata que se alcance a cota de produción, o fabricante poderá substituír a materia prima industrial por unha materia prima producida ao amparo da cota. Así mesmo, poderase admitir que unha cantidade de azucre producido na Comunidade por outro fabricante poida administrarse en substitución do azucre industrial, todo isto de conformidade co establecido no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Artigo 15. *Irregularidades e sancións.*

Polo que se refire ao réxime sancionador das irregularidades e do incumprimento das obrigas formais establecidas nesta orde, rexerá o disposto na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 27 de decembro de 2007 pola que se regula a xestión e control das cotas de produción de azucre.

Artigo 16. *Restitución á produción.*

No caso de que unha norma comunitaria regulase a restitución á produción prevista no artigo 13.3 do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, ao non existiren excedentes de azucre ou azucre importado ou de isoglicosa para a súa transformación industrial, corresponderalles ás autoridades competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ditar as normas de desenvolvemento pertinentes.

Disposición transitoria primeira. *Dispensa a empresas fabricantes xa establecidas.*

As empresas fabricantes que estean xa establecidas e que fosen autorizadas de acordo co disposto na Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 28 de febreiro de 1990, pola que se establecen as medidas de control da produción e do almacenamento de azucre, quedarán dispensadas da presentación dos documentos a que se refire o artigo 2.1 desta orde, e deberán comunicar, non obstante, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta orde, calquera documento ou elemento de interese que supoña unha modificación na documentación achegada no seu momento.

Disposición transitoria segunda. *Validez das autorizacións en vigor das empresas transformadoras.*

As autorizacións que fosen concedidas polas autoridades competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou das comunidades autónomas, con anterioridade á entrada en vigor desta orde, conservarán a súa validez.

Non obstante, dentro do prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta orde, as empresas transformado-

ras así autorizadas deberán presentar as autorizacións concedidas con anterioridade aos servizos de Alfándegas correspondentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas a Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 28 de febreiro de 1990, pola que se establecen as medidas de control da produción e do almacenamento de azucre, e a Orde PRE/1216/2005, do 29 de abril, pola que se regula a xestión de determinada produción de azucre exenta do pagamento da cotización á produción.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para ditar as disposicións necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2007.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO I**SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE EMPRESAS FABRICANTES DE AZUCRE OU ISOGLICOSA**

D / D.^a
 con DNI.....
 En representación da empresa¹
 Con domicilio fiscal en r/
, nº CP NIF
 CAE

DECLARA:

1. Que a súa actividade é a produción de:

2. Que utiliza as materias primas seguintes:

3. Que as instalacións e /ou almacéns se encontran en:

Provincia	Municipio	Enderezo	Almacén/Fábrica ²
.....
.....

4. Que o ano tivo unha produción de :

..... t de

..... t de

5. Que se compromete a cumprir as condicións establecidas no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, e nas ordes PRE/ / e EHA/ /

6. Que se achega a "Memoria técnica" do proceso de produción.

SOLICITA:

AUTORIZACIÓN como empresa fabricante de azucre ou isoglicosa para efectos do regulamento citado.

..... de de

Asdo.:

OFICINA DE CONTROL

¹ Achégase documento acreditativo da representación.

² A: almacén; F: fábrica.

ANEXO II**AUTORIZACIÓN A EMPRESAS FABRICANTES DE AZUCRE OU ISOGLICOSA**

En virtude da Orde PRE/ / de

CONCÉDESE á empresa fabricante de azucre ou isoglicosa

Con NIF.....

e domicilio fiscal en

.....

a AUTORIZACIÓN n.º solicitada con data do.....,

xa que reúne todos os requisitos establecidos no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 do xuño de 2006.

....., de de

Asdo.:

ANEXO III**SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE EMPRESAS TRANSFORMADORAS DE AZUCRE OU ISOGLICOSA**Nome e apelidos do solicitante ¹:

NIF:

Domicilio:

Razón social da empresa transformadora ²:

Domicilio fiscal:

NIF da empresa:

Denominación da fábrica:.....

Localidade e lugar en que está situada

DECLARA:

1. Que a súa actividade de produción é:

2. Que utiliza as materias primas seguintes:.....

3. Que a súa capacidade de produción é:.....

4. Que os produtos obtidos son:

5. Que a empresa subministradora é:.....

6. Que se compromete a cumprir as condicións establecidas no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 967 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, e nas ordes PRE/ e EHA/.

SOLICITA:

AUTORIZACIÓN como empresa transformadora para efectos do regulamento citado.

..... de de

Asdo.:

¹ Acompañado da documentación que acredite o carácter da representación, no caso de que non actúe en nome propio.

² No suposto de que durante a vixencia da autorización se formalicen contratos de subministración con outras empresas, informarase aos servizos de Alfándegas.

ANEXO IV**AUTORIZACIÓN A EMPRESAS TRANSFORMADORAS DE AZUCRE
OU ISOGLICOSA**

En virtude da Orde PRE/...../.....

CONCÉDESE á empresa transformadora

con NIF.....

e domicilio fiscal en

a AUTORIZACIÓN N.º..... solicitada con data do

xa que reúne todos os requisitos establecidos no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da
Comisión, do 29 de xuño de 2006.

....., de de

Asdo.:

ANEXO V**DECLARACIÓN DE CANTIDADES PARA ENTREGAR A EMPRESAS TRANSFORMADORAS¹**

DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL da ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA	Materia prima industrial para a fabricación de produtos previstos no ANEXO DO Regulamento CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006
DEPENDENCIA PROVINCIAL DE ALFÁNDEGAS E II.EE.	FOLLA DE CONTROL

CAMPAÑA	AZUCRE
	ISOGLICOSA

FABRICANTE	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF	
	DOMICILIO FISCAL	N.º AUTORIZACIÓN	
	MUNICIPIO	LOCALIDADE	PROVINCIA

TRANSFOR- MADOR	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF	
	DOMICILIO FISCAL	N.º AUTORIZACIÓN	
	MUNICIPIO	LOCALIDADE	PROVINCIA

DURACIÓN DO CONTRATO

Cantidades expresadas en toneladas de cada unha das materias primas cuxa entrega está prevista por período de subministración:

PREZOS, CALIDADES E CONDICIÓNS APLICABLES Á SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAS PRIMAS

Asdo.:

¹ Remitirse unha copia de cada contrato aos servizos de Alfándegas, de acordo co establecido no artigo 6.4 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

ANEXO VI**DECLARACIÓN DE CANTIDADES ENTREGADAS MENSUALMENTE A EMPRESAS TRANSFORMADORAS**

DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL da ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA -----	Materia prima industrial para a fabricación de produtos previstos no ANEXO DO Regulamento CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006
DEPENDENCIA PROVINCIAL DE ALFÂNDEGAS E II.EE. -----	FOLLA DE CONTROL

CAMPAÑA	AZUCRE
	ISOGLICOSA

FABRICANTE	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF	
	DOMICILIO FISCAL	N.º AUTORIZACIÓN	
	MUNICIPIO	LOCALIDADE	PROVINCIA

TRANSFOR- MADOR	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF	
	DOMICILIO FISCAL	N.º AUTORIZACIÓN	
	MUNICIPIO	LOCALIDADE	PROVINCIA

DURACIÓN DO CONTRATO

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN: CANTIDADE SEGUNDO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DATA: MES DE ENTREGA: CANTIDADE SUBMINISTRADA:

Asdo.: